



## CICLO SUPERIOR DE SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN E INFORMÁTICOS

**Grao:** Superior (LOE).

### Oferta do CIFP A Xunqueira:

Réxime Ordinario, presencial.

Horario de mañá: 08:30-15:00 h.

**Duración:** 2000 horas (2 cursos).

**Que título se obtén?:** Técnico/a superior en sistemas de telecomunicación e informáticos.

### Temporalización:

1º curso: de setembro a xuño.

2º curso: de setembro a marzo. Formación en centros de traballo (FCT) e Proxecto, de abril a xuño ou en calquera dos períodos extraordinarios (setembro-décembro, xaneiro-marzo, abril-xuño).

### Que se aprende a facer?

Desenvolver proxectos, así como xestionar e supervisar a montaxe e o mantemento das infraestruturas común de telecomunicación e de sistemas e equipamentos de telecomunicación tales como redes de banda larga e de radiocomunicacións fixas e móbiles, sistemas telemáticos, de produción audiovisual e de transmisión, a partir da documentación técnica, da normativa e dos procedementos establecidos, asegurando o funcionamento, a calidade, a seguridade e a conservación ambiental.

### En que ámbitos se traballa?

Empresas públicas e privadas do sector de servizos dedicadas ás telecomunicacións, a integración de sistemas, redes de banda larga, telemática e medios audiovisuais, como persoal desenvolvedor de proxectos, integrador de sistemas e supervisor da montaxe e o mantemento das instalacións e infraestruturas, tanto por conta propia como por conta allea.

### Ocupacións e postos de traballo máis relevantes

- Axudante de proxectista
- Supervisor/ora da montaxe en instalacións de telecomunicacións para vivendas e edificios.
- Técnico/a en verificación e control de equipamentos e instalacións de telecomunicacións, en supervisión, instalación, verificación e control de equipamentos de sistemas de radio e televisión, en estudos de produción e sistemas de produción audiovisual; en supervisión, instalación,





**mantemento, verificación e control de equipamentos de sistemas de radiodifusión, en sistemas de seguridade electrónica e circuitos pechados de televisión, en redes locais e sistemas telemáticos, en sistemas de radioenlaces, especialista en integración, instalación e mantemento de equipamentos e sistemas informáticos e de sistemas de telecomunicacións.**

- **Xefe/a de obra en instalación de telecomunicacións.**

### Acceso a outros estudos:

Universidade, con posibilidade de validación de materias nos estudos de Grao.

### Normativa:

- [Real Decreto 883/2011, de 24 de junio, por el que se establece el título de Técnico Superior en Sistemas de Telecomunicaciones e Informáticos y se fijan sus enseñanzas mínimas.](#) (BOE 23/07/2011)
- [Decreto 210/2012, do 4 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas de telecomunicacións e informáticos](#) (DOG 6/11/2012)

### Módulos:

Primeiro curso	Horas
<b>MP0525 Configuración de infraestructuras de sistemas de telecomunicacións</b>	<b>107</b>
MP0559 Formación e orientación laboral	107
MP0551 Elementos de sistemas de telecomunicacións	240
<b>MP0713 Sistemas de telefonía fixa e móbil</b>	<b>133</b>
<b>MP0552 Sistemas informáticos e redes locais</b>	<b>213</b>
<b>MP0553 Técnicas e procesos en infraestructuras de telecomunicacións</b>	<b>160</b>
Segundo curso	Horas
MP0560 Empresa e iniciativa emprendedora	53
MP0555 Redes telemáticas	105
<b>MP0554 Sistemas de produción audiovisual</b>	<b>174</b>
<b>MP0556 Sistemas de radiocomunicacións</b>	<b>105</b>
MP0557 Sistemas integrados e fogar dixital	123
<b>MP0601 Xestión de proxectos de instalacións de telecomunicacións</b>	<b>70</b>
MP0561 Formación en centros de traballo	384
MP0558 Proxecto de sistemas de telecomunicacións e informáticos	26
<b>Total</b>	<b>2000</b>
*Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.	





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



galicia

## Requisitos de acceso:

### Reunir algún dos seguintes requisitos:

Título de Bacharelato ou equivalente.

Título de Técnico/a superior ou de Técnico Especialista ou equivalente a efectos académicos.

Título de BUP.

Título de Técnico/a (ciclo formativo de grao medio).

Proba de acceso a ciclos de grao superior.

Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

[Outros.](#)



Xacobeo 2021

CIFP A Xunqueira

r/ Rafael Areses, s/n Pontevedra CP 36005 Pontevedra  
Tfno. 986873003, Fax 986873000  
cifp.xunqueira@edu.xunta.es <http://www.edu.xunta.es/centros/cifpxunqueira/>



Fondo Social Europeo  
Cofinanciado por el  
programa Erasmus +  
de la Unión Europea